

2. O importe máximo destas axudas que se poderán outorgar dentro do exercicio orzamentario de 2007 será de 1.000.000 €.

Disposición derradeira

Única.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2007.

Teresa Táboas Veleiro
Conselleira de Vivenda e Solo

**INSTITUTO GALEGO DAS ARTES
ESCÉNICAS E MUSICAIS**

Resolución do 31 de xaneiro de 2007 pola que se convocan probas de selección de alumnos para a promoción 2007/2009, para a Sección de Especialización da Escola de Altos Estudos Musicais (EAEM).

O Decreto 270/1997, do 18 de setembro, polo que se crea a Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia (DOG nº 191, do 3 de outubro de 1997), contempla, dentro do funcionamento da escola, a Sección de Especialización. Nesta sección preténdese achegar ao panorama dos estudos musicais na Comunidade Autónoma de Galicia a oportunidade de perfeccionamento instrumental dos novos e descoñecidos valores, como un medio para acadar un maior perfeccionamento nas súas distintas especialidades mediante a formación individualizada que facilite a súa integración profesional ao máis alto nivel.

Con esta finalidade, o IGAEM convoca probas para a admisión e selección de alumnos para a promoción 2007/2009 e conforme as seguintes.

Bases:

1. Consoante o Decreto 270/1997, do 18 de setembro, polo que se crea a Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia -no sucesivo EAEM- e segundo se sinala no seu artigo 6, convócanse probas para elaborar listas na sección de especialización, co fin de cubrir as prazas de alumnos activos dispoñibles, en función das posibilidades e necesidades da escola, nas seguintes especialidades:

Violín.
Viola.
Violonchelo.
Contrabaixo.
Óboe.
Fauta.
Clarinete.
Fagot.
Trompa.
Trompeta.
Percusión.
Trombón.

2. A escola manterá un mínimo de 30 prazas de alumnos activos. Aqueles que, reunindo os requisitos para formaren parte do alumnado da escola, non acaden a puntuación necesaria para seren alumnos acti-

vos, pasarán a integrar unha lista de espera, que terá un período de validez dun ano. Todos os admitidos nas listas terán dereito á asistencia gratuíta ás clases e cursos maxistrais que organice a escola.

3. Terán preferencia para optaren a estas prazas nas listas aqueles músicos galegos ou residentes en Galicia, menores de 25 anos de idade, que estean en posesión do título de grao superior de conservatorio e os que acrediten, a xuízo do tribunal, un nivel suficiente no dominio instrumental.

4. O programa terá unha duración total de dous anos, dividido en dous períodos anuais, desde o 1 de outubro de 2007 ata o 30 de xuño de 2009, segundo o calendario que estableza a dirección da escola. Excepcionalmente, poderase ampliar a un terceiro período.

Todos/as os/as alumnos/as activos deberán pasar un exame ao remate do primeiro ano, como requisito imprescindible para poder cursar o segundo. O tribunal de valoración desta proba será designado pola dirección do centro. Ao finalizar o segundo curso realízase un exame final.

5. A condición de alumno da Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia, Sección de Especialización, non implica ningún pagamento ou obriga por dereitos de matrícula ou similar.

6. As solicitudes da presente convocatoria poderanse presentar, segundo o modelo anexo, ata o día 13 de abril de 2007 no Rexistro do IGAEM (Rúa da Vesada s/n, San Lázaro, C.P.: 15703 de Santiago de Compostela), ben persoalmente, ben por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Quen opte por presentar a súa solicitude nun rexistro diferente ao do IGAEM deberá comunicalo por telegrama ou fax dentro de prazo, e deberá, así mesmo, anunciar o envío da solicitude mediante fax, telefax ou telegrama no mesmo día da súa remisión. Sen a concorrencia de ambos os requisitos non será admitida a solicitude, de ser recibida no IGAEM con posterioridade á data de remate do prazo.

As solicitudes irán acompañadas da seguinte documentación:

-Dúas copias das obras de libre elección (coa parte de piano, se a tiver, para o pianista acompañante).

-Fotocopia do título de grao medio ou superior ou da certificación de estudos correspondentes, ou declaración persoal do solicitante.

-Fotocopia do DNI, NIF ou equivalente.

-Currículo e fotocopia da documentación acreditativa dos méritos que se aleguen.

-Fotocopia do certificado de residencia ou declaración persoal do solicitante.

-Unha fotografía tamaño carné.

Soamente se lles pedirán documentos orixinais ou compulsados os alumnos que superen as probas no momento de formalizar a súa matrícula, sendo entón imprescindible a súa presentación.

7. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, será publicada unha relación provisoria de admitidos

nos taboleiros de anuncios do IGAEM e EAEM. Establecerase un prazo de 5 días hábiles para que os aspirantes corrixan a falta de documentación preceptiva.

8. O tribunal que efectuará a selección dos candidatos estará constituído do xeito seguinte:

Presidente: o director da escola.

Vogais: o xerente do IGAEM ou a persoa na que delegue, o xefe de estudos da escola e como mínimo un membro do claustro, de acordo coas correspondentes especialidades. Actuará como secretario, con voz e sen voto, un membro do cadro de persoal administrativo do IGAEM.

A composición do tribunal darase a coñecer no momento de publicarse as listas de aspirantes admitidos. O tribunal quedará validamente constituído coa asistencia de, como mínimo, a metade máis un dos seus membros e a asistencia do secretario.

Os membros do tribunal puntuarán a cada aspirante de 0 a 10, e a suma total será dividida polo número de asistentes, sendo o resultado final a puntuación definitiva.

9. As probas terán lugar desde o 7 ata o 11 de maio de 2007 na Escola de Altos Estudos Musicais, Finca Vista Alegre, Rúa das Salvadas, s/n, Santiago de Compostela.

10. Contidos das probas:

Violín.

1. Dous movementos dun concerto de Mozart ou dous movementos dunha partita de Bach.

2. Obra de libre elección.

Viola.

Dúas obras de diferentes estilos, a libre elección do candidato.

Violonchelo.

1. Dous movementos contrastados dunha das seis suites de Bach.

2. Estudo ou capricho para violonchelo solo de certa dificultade técnica.

3. Unha obra de libre elección.

Contrabaixo.

1. Escala e arpexo de dúas ou tres oitavas na tonalidade da obra elixida no punto 3.

2. Un estudo de libre elección.

3. Dous movementos contrastados dunha sonata barroca ou un concerto clásico de libre elección.

Frauta.

1. Sonata para frauta sola en La menor de J. S. Bach: Allemande e Sarabande.

2. Segundo movemento do Concerto en Re Maior de W. A. Mozart.

Óboe.

1. Sonata de Saint-Saens.

2. Concerto de Mozart. Primeiro movemento con cadencia e segundo movemento.

Clarinete.

1. Estudo Primo de Donizetti. Edicións Ricordi.

2. Unha obra a elixir entre:

a. Concerto de Mozart. Exposición do movemento 1º.

b. Morceau de Salón. J. W. Kalliwoda. Ed. J & W Chester.

c. Fantasía da ópera La Traviatta. Verdi (Donato Loureglio). Ed. J & W Chester.

d. Concerto Op. 36. Franz Krommer.

Fagot.

Concerto de Mozart, K 191 en Si b, ou outra obra a libre elección do candidato.

Trompeta.

1. Concerto en Mi b, de J. Haydn. 1º tempo (sen cadencia) e 2º tempo. Con trompeta en Si b.

2. Un estudo de libre elección dos 14 estudos característicos de Arbán.

Trompa.

1. Un estudo de Kopprash ou Kling.

2. Un primeiro movemento de Concerto de Mozart.

Trombón.

Dúas obras contrastadas de libre elección do candidato. Exemplos: 1º e 2º tempo do Concerto de David ou ben un estudo de Bordogni (Rochut) e un estudo de Bleger ou Koprash.

Percusión.

1. Timbais:

-Sinfonía nº 1 de Beethoven: segundo movemento desde 12 compases antes de C ata C e terceiro movemento (menuetto) desde 1 compás antes de A ata 1 compás antes do trío (compás nº 79).

-Sinfonía nº 9 de Beethoven, desde o principio ata 5 compases despois da A.

2. Caixa. Elixirase un dos seguintes estudos:

-Six Unaccompanied Solos. M. Colgras, estudo nº 1.

-Portraits in Rhythm. A. J. Cirone, estudo nº 13.

-Douze études pour Caisse Claire. J. Delecluse, estudo nº 1.

-Ensaio Orquestrais para Percusión. Ramada/Soria. Tamburossini.

3. Láminas. A libre elección do aspirante, interpretarase unha peza ou movemento de similares características ás expostas na seguinte lista:

-Partita III, Bach, preludio.

-Suites de Bach, 1, 2, 3, 4 preludio.

-Concertino para Marimba, P. Crestón, primeiro movemento.

-Estudo en Do M de Musser.

-Estudo de P. Smadbec nº 1.

O día 25 de abril de 2007 serán expostos no taboleiro de anuncios do IGAEM e no da EAEM os horarios das probas para cada un dos instrumentos. Os aspirantes deberán estar no lugar da proba media hora antes da súa convocatoria e co seu DNI/NIF.

11. Os alumnos seleccionados como activos terán dereito a recibir clases individuais, clases de música de cámara, de práctica orquestral, clases teóricas, maxistrais e cursos a cargo do profesorado estable ou convidado da escola.

12. A aceptación da praza obriga o beneficiario ao cumprimento das seguintes obrigas:

a) Asistir ás clases e aos ensaios individuais e colectivos que figuren nos plans de estudos, cumprindo o horario e calendario fixados pola dirección da escola.

b) Formar parte das agrupacións que na escola se lle asignen.

c) Participar no programa de actuacións públicas estipulado, renunciando a calquera contraprestación económica, dereitos de gravación e retransmisión de son ou imaxe dos actos da escola, mesmo para a súa comercialización. A dirección da escola seleccionará os alumnos que considere axeitados para o desenvolvemento do programa de actuacións públicas.

d) Comportarse coa disciplina e corrección debidas.

e) A aceptación de todas as demais obrigas e deberes que figuran no Regulamento de réxime interno da Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia.

13. Será causa de suspensión temporal ou definitiva da condición de alumno ou bolseiro, segundo os casos:

a) A renuncia por parte do interesado.

b) O incumprimento das obrigas anteriormente establecidas e reflectidas no Regulamento de réxime interno da EAEM.

c) A non superación do exame ao remate do primeiro período anual.

A resolución de suspensión temporal ou definitiva será adoptada pola Comisión Técnica da EAEM.

14. Aqueles alumnos activos que o soliciten na súa instancia poderán optar a unha bolsa de axuda para sufragar os gastos de desprazamento, mantenza e aloxamento derivados da súa permanencia na escola.

A adxudicación destas bolsas farase automaticamente, unha vez coñecida a relación dos alumnos seleccionados, os seus méritos e a súa solicitude, debendo seguir, en todo caso, os criterios de adxudicación relacionados a seguir, e estando sempre supeditada a concesión da bolsa á existencia de crédito adecuado e suficiente na partida orzamentaria correspondente do presente exercicio de gastos do IGAEM e do exercicio de 2008.

A condición de alumno pode ser independente da de bolseiro.

15. Os alumnos que soliciten bolsa, unha vez que lles sexa comunicada a súa admisión como alumnos da escola, deberán presentar os seguintes documentos:

-Fotocopia do libro de familia completo.

-Documento/certificado bancario en que consten os vinte díxitos da conta bancaria. O solicitante debe ser titular da conta que lle facilite á EAEM.

-Fotocopia da declaración da renda da unidade familiar do ano 2006, e certificados de retencións por rendementos de traballo.

-No caso de non estar obrigada a unidade familiar a facer a declaración da renda, deberá presentar os certificados expedidos pola delegación respectiva da Axencia Estatal da Administración Tributaria, onde conste que non se presentou declaración da renda no exercicio anterior, así como dos ingresos que consten na delegación, de todos os membros da unidade familiar. Considérase o lugar de residencia da unidade familiar o seu enderezo fiscal.

-Nos casos en que o solicitante alegue a súa independencia do núcleo familiar, calquera que sexa o seu estado civil, deberá acreditar de forma fidedigna esta circunstancia e o seu domicilio, así como o pagamento do aluguer da vivenda, se for o caso, e os medios económicos con que conte. De non xustificar suficientemente estes extremos, a solicitude será sometida a exame pormenorizado, con comprobación da renda e a situación real do solicitante.

Criterios de adxudicación das bolsas de estudos:

-Para estes efectos, fixarase como criterio excluínte para a concesión destas bolsas a residencia fiscal da unidade familiar dentro do concello de Santiago de Compostela, así como os solicitantes que teñan a súa residencia fiscal nunha distancia inferior a 15 km do concello de Santiago de Compostela. Este criterio adóptase tendo en conta que o destino das bolsas é sufragar os gastos derivados dos desprazamentos, mantenza e aloxamento por asistencias ás clases, ensaios e actuacións públicas dos alumnos.

-O importe dos ingresos por membro da unidade familiar calcularase considerando a este respecto como numerador a base liquidable do IRPF correspondente ao ano 2006 ou, se for o caso, os certificados de retencións presentados; en concepto de denominador establecerase o número de membros da unidade familiar (conformada exclusivamente polos pais e os fillos con dereito a dedución).

-Non se considerarán como membros da unidade familiar, para estes únicos efectos, os ascendentes con dereito a dedución que figuran nas declaracións do IRPF, dado que, segundo o actual sistema da Seguridade Social, todos eles están a percibir unha pensión, que non obstante, non se ve reflectida nos ingresos das ditas declaracións do IRPF.

-Tampouco se terán en consideración -e non se computarán como ingresos propios do solicitante da bolsa-o disfrute por parte do alumno de calquera bolsa ou axuda de estudos concedida.

-Tendo en conta o importe máximo orzamentado asignado do exercicio de gastos do IGAEM ás citadas axudas escolares, así como as súas posibilidades de liquidez, concederase unha bolsa a todos os solicitantes que non superen o importe de 9.000 € de renda per cápita da unidade familiar.

16. A presente convocatoria e cantos actos administrativos deriven dela e da actuación do tribunal seleccionador poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 30/1992, do 26 novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro. Esta resolución non pon fin á vía administrativa, e contra ela poderase interpor recurso de alzada ante a conselleira de Cultura

e Deporte da Xunta de Galicia, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no DOG, ou ben recurso contencioso-administrativo ante a xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á inserción deste anuncio no DOG.

Disposicións adicionais

Primeira.-Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración do Estado ou da Comunidade Autónoma, a Xerencia do IGAEM e, por delegación desta, a Comisión Técnica da EAEM, levarán a cabo as funcións de control, así como de avaliación e seguimento das probas e demais actuacións que derivaren destas bases.

Para realizar estas funcións, poderanse utilizar ou empregar cantos medios estean ao dispor tanto da xerencia deste instituto como da citada comisión técnica da escola, para comprobar o cumprimento dos requisitos exixidos nesta resolución e nas restantes normas vixentes que resulten de aplicación.

Segunda.-A xerencia do IGAEM e, por delegación súa, o Departamento de Xestión Económico-Administrativa, poderán requirirles en todo momento aos alumnos seleccionados, como actuacións encamiñadas á comprobación da veracidade dos datos aducidos, a presentación da documentación orixinal e complementaria que se considere necesaria, para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas para a bolsa de axuda contemplada nesta convocatoria, agás aquela que de acordo co artigo 35 f) da Lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, xa se encontre en poder da Administración actuante.

Neste mesmo sentido, a presentación da solicitude das bolsas polo alumno seleccionado implicará a autorización a este organismo para proceder á comprobación e conseguinte verificación destes datos ante os servizos tributarios correspondentes e a solicitar o certificado que emitirá a Axencia Estatal da Administración Tributaria.

Terceira.-Esta resolución entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2007.

Miguel A. Martín Fernández

Xerente do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais

ANEXO

Formulario de inscrición

Sección de Especialización da Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia (probas de admisión da convocatoria ordinaria para a promoción 2007/2009)

Apelidos.

Nome.

DNI/NIF ou pasaporte.

Data de nacemento.

Lugar.

Domicilio.

Cidade C.P.

Teléfono.

Instrumento.

Obras que interpretará nas probas.

Necesita pianista SI NON.

No caso de acadar praza como activo, ¿solicita bolsa?.

Documentación que se presenta -sinálese o que corresponda:-

Currículo (máximo quince alíneas).

Certificado de estudos.

Diplomas de cursos realizados.

Unha fotografía tamaño carné.

Fotocopia do DNI/NIF ou pasaporte.

Repertorio de obras que interpretará nas audicións.

Xerente do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais. Santiago de Compostela.

PARLAMENTO DE GALICIA

Acordo do 29 de decembro de 2006 polo que se aproba a oferta de emprego público da Administración do Parlamento de Galicia para o ano 2006.

De conformidade co disposto na disposición transitoria primeira do Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia (BOPG número 216, do 10 de febreiro de 1984), e nos artigos 18 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública e 29 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, nos que se establecen os criterios nos que debe enmarcarse a oferta de emprego público; unha vez analizadas as necesidades de persoal existentes en determinados servizos da Administración do Parlamento de Galicia e tras o acordo acadado coas organizacións sindicais, a Mesa da Cámara, na súa reunión do 29 de decembro de 2006,

DISPÓN:

Apróbase a oferta de emprego público da Administración do Parlamento de Galicia para o ano 2006, constituída polas prazas vacantes dotadas orzamentariamente que se relacionan a continuación:

Persoal funcionario:

-Titulados superiores (grupo A): 1 praza.

-Titulados de grao medio (grupo B): 1 praza.

-Subalternos (grupo E): 1 praza.

Persoal laboral:

-Auxiliares técnicos de mantemento: 3 prazas.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2006.

María Tereixa Paz Franco
Vicepresidenta primeira